

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 31/01/2020 12:45:21
SAIDA 1431/20

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 156/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 31 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 31/10/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 11 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Emigración pola que se estima a súa solicitude de acceso á información sobre os documentos aportados polo [REDACTED] para a súa inscrición no Rexistro da [REDACTED]

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude a resolución contra a que reclama.

O interesado considera que a información proporcionada coa resolución non contiña a información solicitada, xa que aínda formalmente concede o acceso á información, na práctica denégao ao non incluír toda a información solicitada.

Non se remite a acta constitutiva do [REDACTED], solicitada no apartado a) da petición: se lle remite a acta constitutiva dunha entidade benéfica denominada "[REDACTED]" que foi creada en maio de 2019, e por tanto

ese documento non puido ser enviado polo [REDACTED] para a súa inscrición, que no [REDACTED], que se produciu no ano 1991.

Na documentación remitida menciónanse ata tres entidades diferentes do [REDACTED], sen que sexa posible saber cal é o papel de cada unha delas e se algunha delas é en realidade o dito Centro.

De acordo co anterior, solicita que se lle remitan a acta fundacional do [REDACTED], documentación acreditativa da inscrición no rexistro correspondente e documentación acreditativa do seu recoñecemento no Reino Unido que solicitou.

Segundo. Con data 6 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Emigración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de novembro de 2019.

Terceiro. Con data do 27/11/2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe e copia do expediente solicitado á Secretaría Xeral de Emigración.

No informe faise constar que o interesado solicitou a acta fundacional do [REDACTED] documentación acreditativa da súa inscrición no rexistro correspondente e documentación acreditativa do seu recoñecemento no Reino Unido. Mediante a Resolución de 11 de outubro de 2019 do Secretario Xeral da Emigración, se lle concede o acceso á información remitíndoselle a seguinte documentación: Certificado do Secretario do [REDACTED] no que figura a data de constitución de dito Centro, documento de inscrición [REDACTED] membro do Instituto Colexiado de Tributación e contadores profesionais [REDACTED] onde consta que as accións do [REDACTED] [REDACTED] compañía limitada se transferiron ao Centro Gallego de Londres organización benéfica social y cultural constituída o 14 de xuño de 2019, e copia da inscrición como [REDACTED] organización benéfica social y cultural.

Fai consta que ao [REDACTED] foille recoñecida a Galeguidade a través do Decreto 11/1991, do 11 de xaneiro (DOG do 22 de xaneiro de 1991).

Por Resolución do Secretario Xeral da Emigración do 9 de abril de 2015, acórdase que a entidade [REDACTED] mantén a súa condición de comunidade galega e ordena a persoa encargada do [REDACTED] á inscrición da entidade na sección de Comunidades Galegas do dito rexistro, que se inscribe con data do 10 de abril de 2015 co número de rexistro CG_0065/2015.

No informe faise referencia e remítese documentación referente a unha denuncia presentada polo reclamante ante a Secretaría Xeral, por feitos relativos á inscrición e ás actividades do [REDACTED].

Cuarto.- A Comisión da Transparencia de Galicia en sesión celebrada o 17 de decembro de 2019, acordou remitir ao interesado o informe remitido pola Secretaría Xeral de Emigración e a documentación que o acompaña, a fin de que o interesado puidese presentar as alegacións ou documentos que estime convinte.

Quinto: Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 23 de decembro de 2019, o interesado presenta escrito de alegacións no que en resumo, manifesta que nada do afirmado pola Secretaría Xeral da Emigración está en contradición co argumentado no seu escrito de reclamación.

Que á luz do explicado pola Secretaría Xeral e dos documentos achegados, cabe a posibilidade de que algúns dos documentos solicitados non obren no seu poder. Nese hipotético caso, debería inadmitirse motivadamente a solicitude en relación aos apartados correspondentes, pero non é admisible que ante a falta de documentos se lle faciliten outros diferentes e se afirme que se proporcionou o acceso á información demandada.

Que foi durante este trámite de audiencia cando tivo acceso por primeira vez ao documento referido como "[REDACTED]" rexistrado o 10 de decembro de 2014, que considera que é un documento significativo debido a que permite dotar ao contexto dunhas coordenadas temporais, dado que se a solicitude de Recoñecemento/Adaptación á Lei 7/2013 da Galegitude foi recibida pola Xunta nesa data, os documentos achegados polo [REDACTED] deberían xa obrar en poder da Administración ou como moito enviarse nesa data, polo que calquera documento posterior non puido ser proporcionado "para a súa inscrición no Rexistro [REDACTED]". En base á documentación remitida, faltaría proporcionar, cando menos, a acta de constitución, que en boa lóxica debería ser un documento anterior a 1991.

O interesado considera que a documentación remitida pola Secretaría Xeral non é coherente xa que si ao [REDACTED] se lle recoñeceu [REDACTED] a través do decreto 11/1991, o dito centro non tivo que solicitar o recoñecemento da dita condición segundo o disposto no Decreto 66/2014, senón tan só a súa adaptación.

O "documento de inscrición" remitido pola Secretaría Xeral correspóndese co dunha Sociedade Limitada por accións, e ademais o nome da empresa non se corresponde co da entidade rexistrada no Rexistro [REDACTED], estando ademais o documento incompleto, por canto se remiten dúas páxinas cando o orixinal (que pode obterse online) consta de 19.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que a resolución da Secretaría Xeral de Emigración ditouse con data do 11 de outubro de 2019 e o interesado presentou a reclamación o 31 de outubro, débese admitir a mesma por estar presentada dentro do prazo dun mes establecido no artigo 28 da Lei 1/2016.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información pública por parte da cidadanía, debe rexerse polos principios de transparencia, accesibilidade universal e comprensibilidade, entre outros, sendo o obxectivo final da normativa de Transparencia, que aos cidadáns se lles proporcione a información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación dos asuntos públicos. A información e a documentación á que debe dárselle acceso aos cidadáns, debe ser a solicitada e non outra, debe proporcionárselle a información de forma clara, certa e exacta e non remitir documentación que induza á confusión.

A normativa de Transparencia, obriga ás Administración a proporcionar aos cidadáns os documentos e contidos que consten no seu poder e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións. Por tanto, se a solicitude de información refírese a documentación da que o suxeito obrigado non dispón, polo motivo que sexa, debe comunicarlle ao cidadá esta circunstancia, e explicar de forma clara os motivos polos cales non é posible proporcionarlle.

No presente caso, o interesado solicitou unha documentación moi concreta consistente na acta fundacional do [REDACTED], documentación acreditativa da súa inscrición no rexistro correspondente e documentación acreditativa do recoñecemento do centro no [REDACTED].

Na resolución pola que se resolve o acceso á información solicitada, non se lle remite a documentación pedida, senón outra, consistente nun certificado do Secretario do [REDACTED] no que figura a data de constitución de dito Centro, pero non a acta de constitución pedida, un documento de inscrición dunha sociedade limitada, no que non se aclara se corresponde ou non ao [REDACTED] inscrito no Rexistro [REDACTED] ou a unha entidade privada, un escrito de transferencia de accións dunha sociedade limitada ao Centro benéfico social (no que non queda claro cal dos dous é o orixinariamente inscrito no Rexistro [REDACTED] nin o actualmente inscrito) e unha copia da inscrición como [REDACTED] do ano 2019, cando o centro foi inscrito no ano 1991.

Se algún dos documentos solicitados e que deberían estar en poder da Secretaría Xeral, e como apunta o interesado no seu escrito de alegacións é posible que non o estean, debe comunicarllo, non podendo admitirse que se faciliten documentos diferentes aos solicitados.

Por tanto, procede estimar a reclamación presentada, por canto ao interesado se lle proporcionou unha información distinta da solicitada, debendo a Secretaría Xeral de Emigración proporcionar a información solicitada polo interesado de forma clara, e explicando de ser o caso, no referente á documentación da que non dispoña, os motivos polos cales non é posible darlle acceso.

Non procede que esta Comisión se pronuncie, por non ser da súa competencia, sobre as alegacións realizadas polo interesado respecto da denuncia presentada ante a Secretaría Xeral sobre presuntos delitos ou fallas administrativas, nin sobre a posible tramitación do mesmo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 31 de outubro de 2019, contra a Resolución do 11 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Emigración pola que se estima a súa solicitude de acceso á información sobre os documentos aportados polo [REDACTED] para a súa inscrición no Rexistro [REDACTED].

Segundo: Instar a Secretaría Xeral de Emigración, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición proporcionando a información solicitada de forma completa, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Secretaría Xeral de Emigración, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA	Firmado digitalmente por
DOLORES	76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R:	FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C)	Fecha: 2020.01.30 18:03:22
	+01'00'

Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia